

A DELEGADA DA XUNTA DE GALICIA NA CORUÑA PARTICIPA NA CAMPAÑA DE DOAZÓN DE SANGUE

A delegada da Xunta de Galicia na Coruña, Belén do Campo, participou hoxe, venres 17 de abril, na campaña de doazón de sangue desenvolvida na unidade móbil da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) que estivo no edificio administrativo da Xunta co obxectivo de fomentar a participación dos traballadores e traballadoras, así como de toda a cidadanía coruñesa. Nesta campaña, tamén tomaron parte a directora territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, Pilar Arias, a directora da Consellería de Política Social, María Blanco, e a directora da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Mar Ferreiro.

Esta iniciativa enmarcase dentro das campañas que leva a cabo a Axencia para achegar este xesto solidario a empresas e organismos públicos de toda Galicia.